

CLUBE DE MONTAÑA XISTRA

Rúa Zaragoza 62 int. (fondo do patio)

36211 - VIGO

Apdo. Correos 5.430 – 36200 VIGO

Telf. 34 886 11 70 11

www.xistra.org

Actividade Federativa Galega

Clube de Montaña Xistra

XLVII Campamento e

Marcha Galega por Montaña

Padrendo / Sta.

Eufemia /

Padrendo

12 e 13 de

maio de 2012



Estimados compañeiros:

Dende o Clube de Montaña Xistra desexamos convidaros ó Campamento e Marcha Galega por Montaña, que este ano temos a honra de organizar na Serra do Xurés.

Desexamos que lle deades a máxima difusión entre os vosos asociados e agardamos a vosa participación nesta interesante actividade.

Descrición Xeral:

Actividade federativa galega con campamento e marcha. A marcha é un percorrido de regularidade, circular, e de baixa-media montaña galega. Porén a actividade é esixente mantendo grandes desniveis na mesma. Os participantes deberán contar cunha boa preparación e levar todo o necesario para a marcha.

Campamento:

Sábado 12 de maio: Concentración en Muíños (Ourense).

Camping O Corgo. A partires das 17:00h.

CLUBE DE MONTAÑA XISTRA

Rúa Zaragoza 62 int. (fondo do patio)

36211 - VIGO

Apdo. Correos 5.430 – 36200 VIGO

Tel. 34 886 11 70 11

www.xistra.org



Clube de Montaña Xistra

Marcha:

Domingo 13 de maio:

8:00h Desprazamento ata o lugar de saída: Padrendo (Lobios)

9:00h Saída da marcha cronometrada.


Padrendo – Bubaces – Torneiros – Alto de Santa Eufemia – A Chan de Ventoselo – Padrendo.

14:30h Retorno ó campamento. Clausura.

MAPAS DA ZONA

Mapa 1:25.000 - Mapa Topográfico Nacional - 301-III

Distancia estimada da marcha: 15km





CLUBE DE MONTAÑA XISTRA

Rúa Zaragoza 62 int. (fondo do patio)

36211 - VIGO

Apdo. Correos 5.430 – 36200 VIGO

Telf. 34 886 11 70 11

www.xistra.org

Clube de Montaña Xistra

Regulamento:

- 1-. Esta actividade terá lugar os días 12 e 13 de maio de 2012, na Serra do Xurés.
- 2-. Poderán participar unicamente montañeiros federados.
- 3-. Os deportistas deberán ir provistos do material e prendas adecuadas para a actividade incluído o material de acampada e provisións de alimentos e bebida.
- 4-. A Organización poderá dar asistencia no punto de partida e chegada.
- 5-. As inscricións efectuaranse na F.G.M., ou chamando ó Clube de Montaña Xistra, antes do día 8 de maio (martes). Fax da FGM 986207407.
- 6-. Os participantes nesta actividade asumen a aceptación completa deste regulamento. Calquera cuestión ou dúbida será resolta pola Organización, e a súa decisión será de obrigado cumprimento.
- 7-. Os participantes comprométense a seren respectuosos ó máximo co contorno. Queda prohibido totalmente deixar lixo ou residuos.
- 8-. A Organización non se fai responsable de ningún tipo de accidente.
- 9-. SÓ PODERÁN PARTICIPAR ÓS FEDERADOS QUE PRESENTEN CUMPRIMENTADA A FOLLA DE INSCRICIÓN OBRIGATORIA VIXENTE E DISPOÑIBLE NA PÁXINA WEB DA FEDERACIÓN.**

